



FICHA RESUME

Ano	2009	PE403A2008/86-1 PE403A2008/112-1
Entidade	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE CARREIRA-AGUIÑO E RIBEIRA	
Plan explotación(1)	NAVALLA E LONGUEIRÓN	
Réxime (2)	LIBRE MARISQUEO	
Modalidade (3)	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies	Navalla (<i>Ensis arcuatus</i>), longueirón (<i>Ensis siliqua</i>)
Ambito do plan	Praia da Ladeira e zonas de libre marisqueo adxacentes ás autorizacións das dúas confrarías (Vionta e outras, agás O Carreiro)
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
	Aguiño 19 Ribeira 23 Total: 42	Aguiño 36 Ribeira 32 Total: 68
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Si (ver consideracións)
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción												
Época y zona probable de extracción (5) . Sistema rotativo												
Modalidade(3): Praia da Ladeira (Corrubedo): 20 días												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
					X	X						
Modalidade(3): Resto das zonas(Vionta e outras): 43 días												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
			X	X	X	X	X					

Topes de captura(6)			
Especies	A pé	kg/embarcación/día	kg/mergullador/día
Navalla e longueirón		30	15

Artes a empregar	Mergullo en apnea. Subministro de aire dende superficie
------------------	--

Puntos de control	Zonas de traballo
Puntos de venda	Lonxas de Aguiño e Ribeira (vendeduría da confraría)

Accións a realizar (7)	Épocas probables (8)
------------------------	----------------------



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas: Barreiro – Castro e Salvora												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas: Zona libre archipiélago Sálvora												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												
Outras consideracións ⁽⁹⁾												
Ambito do plan:												
<p>As confrarías de Carreira-Aguiño e Ribeira presentan sendas solicitudes (PE403A2008/86-1 e PE403A2008/112-1, respectivamente) de plan de explotación de navalla/longueirón na zona de libre marisqueo da zona III para o ano 2009, sendo basicamente idénticas, tanto no referente ás zonas de extracción como nos obxectivos xerais, calendario, número de días e topes de captura.</p> <p>Así pois considérase que non teñen cabida dous plans casi idénticos sobre a mesma especie e para a mesma zona, motivo polo cal, a Dirección Xeral propón que ambas as dúas solicitudes se formalicen nun único plan: plan conxunto das confrarías de Carreira-Aguiño e Ribeira.</p> <p>Para concretar as condicións nas que se desenvolvería este plan foron convocados a unha xunta con técnicos da Dirección Xeral de Recursos Mariños e da Delegación Territorial da Coruña representantes das dúas entidades, que tivo lugar o día 11 de decembro de 2008.</p> <p>Así pois tendo en conta: as propostas presentadas separadamente polas confrarías de Aguiño e Ribeira, o informe emitido polo P.N. Illas Atlánticas, os informes dos técnicos da Consellería e da reunión mantida con representantes das dúas entidades establecéronse as seguintes medidas de xestión para este plan.</p> <p>O ámbito do plan serán as zonas de libre marisqueo da zona III norte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Praia da Ladeira, en Corrubedo 												



- Zonas adxacentes ás autorizacións das dúas entidades. Unha parte destas zonas, en concreto as situadas ao leste das illas Vionta, Erbosa e Noro, están dentro dos límites do Parque Nacional das Illas Atlánticas

Aclárase que no ámbito do plan non está incluída a zona denominada "O Carreiro".

A actividade extractiva dentro das zonas do Parque non poderá simultanearse no mesmo día coa extracción no resto de zonas.

Non poderá realizarse na mesma xornada actividade extractiva nas zonas de autorización e nas zonas de libre marisqueo. No caso de teren autorizada a extracción para o mesmo día para as dúas zonas deberá procederse a anular o día antes das 9.30 horas da mañá para aquela zona na que, por cuestións meteorolóxicas, decidan non ir, co obxecto de que este non compute.

Participantes: 19 embarcacións da confraría de Aguiño (36 mergulladores con habilitación) e 23 embarcacións (32 mergulladores con habilitación) da confraría de Ribeira.

Na relación de embarcacións da **confraría de Ribeira** incluídas no plan hai un erro na embarcación "NAVALLEIRO" (VILL-1-2416) xa que a dita embarcación despezouse para a nova construción "O NAVALLEIRO" (VILL-1-9-06).

Ampliación: A confraría de Ribeira solicitou para as zonas de libre marisqueo un incremento de 14 habilitacións o que suporía un incremento dun 21% do total permitido. Por outra parte, a confraría de Ribeira foille autorizado un incremento de 5 habilitacións no plan de navalla para as súas autorizacións. Este aumento de 5 habilitacións suporía para o plan conxunto na zona de libre marisqueo un aumento sobre o esforzo extractivo actualmente autorizado dun 7,5%. Así pois, visto o anterior e tendo en conta que:

- a) a produción tense mantido estable durante estes tres anos de explotación
- b) as capturas por unidade de esforzo están moi próximas ao tope diario de extracción
- c) non existen indicios de decaimento das poboacións de solénidos noutros bancos das autorizacións das confrarías sometidos a unha explotación similar
- d) non é previsible un aumento do esforzo extractivo por parte dos mergulladores que habitualmente non a realizan

pódese asumir que, nas circunstancias actuais, o recurso pode soportar un aumento do 7,5% das habilitacións existentes na actualidade, o que supón aceptar a incorporación ao plan conxunto das 5 novas habilitacións que ten autorizadas a confraría de Ribeira no seu plan para as zonas de autorización.

Recórdase que para a confraría de Aguiño están todavía pendentes de cubrir 2 habilitacións que foron aprobadas para o ano 2008 dentro do plan de navalla para as autorizacións desta confraría. Polo que, tal incremento repercutirá dentro do plan conxunto.

Calendario: a confraría de Aguiño mantén unha proposta similar a do ano anterior, mentres que a confraría de Ribeira estende un mes máis a época de extracción, pero mantendo sen cambios o número de días de traballo. Así pois, ante as diferentes propostas presentadas, considérase que o calendario axustarase ao seguinte:

- praia de Ladeira: 20 días durante os meses de xuño e xullo
- resto das zonas: 43 días distribuídos de abril a agosto



A **cota máxima de extracción** é de 15 kg/mergullador/día. As cotas máximas para as embarcacións establécense en función dos mergulladores con habilitación que estean debidamente enrolados e a bordo, ata un máximo de 30 kg/embarcación/día.

Para mellorar a xestión dos bancos é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, das tallas e dos mergulladores. Polo tanto, os **datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior. Para concretar a información que debe remitirse seguiranse as instrucións e/ou recomendacións do biólogo de zona.**

(*) **Prezo mínimo:** Será a comisión xestora a que estableza un prezo mínimo do produto segundo as condicións do mercado.

Mergullo:

Todos os mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así, será excluído na relación mensual, mentres non este renovada.

Para confraría de **Aguiño**, fanse as seguintes puntualizacións:

- Juan C. Crujeiras Sampedro, non acredita o certificado de mariscador a mergullo
- José Manuel Francisco Dios, non acredita o certificado de mariscador a mergullo

No caso da confraría de **Ribeira**, fanse as seguintes indicacións:

- David V. Fernández Paz, non acredita o certificado de mariscador a mergullo
- Pablo Pérez Lorenzo, ten caducada a súa tarxeta de recolector en apnea
- Víctor Moreira Eiroa, non figura como titular de tarxetas de recolector en apnea nin recolector submariño, e non acredita estar en posesión de titulación de mergullo profesional.

Deberán polo tanto remitirse á maior brevidade posible toda a información solicitada pola Delegación Territorial da Coruña co obxecto de que se poda emitir informe da actividade de mergullo para o plan conxunto das confrarías de Aguiño e Ribeira para a extracción de navalla/longueirón para as zonas de libre marisqueo da zona III.

Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como **xefe de equipo**.

O informe da actividade de mergullo para autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, está supeditado a que o **plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2009.**

No caso particular do emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco



sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo

Comisión xestora:

Deberase constituírse unha comisión xestora formada por dous membros (patrón maior ou persoa que o substitúa e un representante da agrupación legalmente constituída) de cada unha das confrarías co obxecto de que o plan se xestione en coordinación entre as dúas entidades: organización dos puntos de control, solicitude dos días de actividade, técnica d mergullo a empregar e outras cuestións relacionadas coa explotación.

A proposta feita pola comisión xestora será comunicada á confraría de Aguiño para que esta tramite a solicitude ante a delegación territorial.

En caso de non chegarse a acordos sobre a xestión do plan poderá suspenderse o desenvolvemento do plan.

A comisión deberá estar constituída e así deberá xustificarse documentalmente antes de solicitar a primeira apertura mensual para este plan. Para isto poderá contarse co asesoramento da axente de extensión.

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro de 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños, pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.

PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS:

O Parque Nacional informa desfavorablemente calquera aumento do esforzo pesqueiro no ámbito territorial do Parque.

Considérase necesario a creación dun punto de control para as extraccións na zona do Parque e a remisión trimestral dos datos (días de extracción, número de embarcacións, mariscadores, kilos extraídos por embarcación, etc.)